

Resolución da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os/as candidatos/as incluídos/as nas listas previas definitivas, da categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, pola que se convoca á realización da proba teórica e se apertura o prazo para a presentación da documentación de Formación Profesional.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os/as candidatos/as incluídos/as nas listas previas definitivas resultantes do período de actualización de listas, na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.-Candidatos/as convocados/as da lista previa.

A comisión de selección acordou convocar ó proceso selectivo a todos/as os/as candidatos/as que actualmente figuran admitidos na lista previa definitiva, na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, maiores de 18 anos e que non excedan a idade máxima de xubilación forzosa a data da publicación das Bases Específicas II e que figuran relacionados no Anexo I desta resolución.

Segundo.- Convocar á realización da proba teórica.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais 2.2.4.3, e nas Bases Específicas II 2.2 das que rexen o proceso, a proba teórica realizarase ás **10:00h** do **día 22 de decembro**, nas seguintes instalacións:

- **Santiago de Compostela:** Escola Galega de Administración Pública situada na **Rúa Madrid, 2 – 4**.
- **Lugo:** Salón de Actos do **Pazo de Feiras e Congresos. Av dos Deportes s/n 27004** Lugo.
- **Ourense:** Edificio Facultades (Edificio de Ferro). Campus As Lagoas. Rúa Doutor Temes Fernández, s/n 32004 Ourense.
- **Pontevedra:** **Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.** Campus Universitario da Xunqueira, s/n 36005 – Pontevedra.

Cada aspirante será citado na provincia onde se atope o domicilio indicado na súa solicitude, de acordo co recollido no Anexo II desta resolución.

A proba teórica consistirá na realización dun exame tipo test que se valorará ata un máximo de 20 puntos, e cunha duración máxima de 1 hora, o seu contido é o determinado nas Bases Específicas II 2.2.1.

Os/as candidatos/as serán convocados/as en único chamamento, sendo excluídos/as os/as que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificados libremente apreciados pola comisión de selección.

De acordo co establecido no protocolo de SEAGA para a realización de procesos selectivos, non poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por haber tido contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.

Neste senso, a comisión de selección acorda realizar unha **segunda convocatoria** para os aspirantes que non poden acudir o día 22 polas razóns expostas no parágrafo anterior, logo de presentación do correspondente xustificante.

O prazo para a presentación de xustificante será ata o día seguinte de celebración da proba. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

A orde de actuacións dos/as candidatos/as realizarase segundo o disposto no ANEXO II desta resolución, comezando alfabeticamente por aquel/a cuxo primeiro apelido empece pola letra “S”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 30 de xaneiro de 2020 (DOG do 10 de febreiro de 2020) e o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2020.

Os aspirantes deberán acudir **provistos do seu propio material: bolígrafo, lápiz e goma de borrar.**

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento distinto dos sinalados anteriormente. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

A comisión de selección comprobará a identidade dos/as candidatos/as antes do inicio da proba, para o cal os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído/a igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

No relativo a medidas de organización, protección e hixiene fronte a COVID, estarase ao disposto no protocolo de SEAGA para os procesos selectivos.

Terceiro.- Inicio do prazo de presentación de documentación.

De conformidade co disposto nas Bases Específicas II apartado 1.3.2, das que rexen o proceso, acórdase a apertura do prazo de 3 días hábiles para a presentación da documentación que se relaciona no apartado 2.3 das citadas bases (Formación Profesional) contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación da presente resolución.

Esta documentación deberá presentarse:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas.
- Nas seguintes oficinas, de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00 horas:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lg. Cabanas – Salcedo, 54. 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo

Ás oficinas de SEAGA será preciso acudir con cita previa que se poderá solicitar a través dos seguintes teléfonos:

- Santiago de Compostela: 881.997.199
- A Coruña: 881.881.301
- Lugo: 982.889.057
- Ourense: 988.386.893
- Pontevedra: 986.803.938

-Nas Oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día da súa presentación, remitir ao mail: seleccion@epseaga.com o resgardo acreditativo do envío que se entrega ó cliente por parte do Organismo Estatal de Correos).

A presentación de documentación en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

O prazo de presentación de documentación finalizará o vindeiro 22 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 2020.



A Presidenta da Comisión de Selección.
Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.